ESPAZOS NATURAIS E LUGARES PROTEXIDOS EN HOLANDA

Algúns dos espazos protexidos son os seguintes:

1- Parque Nacional De Hoge Veluwe.

Considérase o espazo protexido máis grande que ten Holanda. O parque está cheo de brazais* e bosques de folla caduca (*que ten pouca duración)* A súa fauna e flora son extensas . Hai bosques de piñeiros, carballos, faias que se atopan nun terreo chá cuberto de matorrais, estanques e dunas. Tamén respecto á súa fauna , no parque viven máis de cen especies como o xabaril, o cervo, muflóns e corzos.

MUFLÓN

Este parque foi conservado, a principios do século dezanove , polo matrimonio KRÖLLER- MÜLLER, quen tivo a idea de xuntar cultura con natureza. Por iso, ademais de flora e fauna, o parque conta con 3 museos. Deste xeito, os visitantes poden facer percorridos en bicicleta e desfrutar da natureza ao mesmo tempo que poden mirar obras de arte.

***Brazal** = percorrido dun río ; canle*

2- Parque Nacional de Biesbosch.

É un dos parques máis grandes dos Países Baixos e unha das derradeiras zonas de auga doce que quedan en Europa. Está formado por pantanos, ríos e regatos* grandes e pequenos , bosques de salgueiros *(árbore de zonas húmidas)* e campos de cana..

Ten zonas moi húmidas que son moi importantes para as aves acuáticas. Dispón dunha grande flora e fauna formada por faisáns, garzas, londras, castores, entre outros. Podes ir de paseo a pé , en bicicleta ou en canoa

FAISÁN

GARZA

LONDRA

CASTOR

* ***Regato*** *= curso de auga moi pouco abundante*

3- Parque Nacional de Schiermonnikoog

Schiermonnikoog é unha illa pero tamén é un parque nacional do norte de Holanda. Recibe moitos turistas xa que ten un camping, un porto para pequenos barcos, praias, centos de casas para pasar as vacacións e hoteis . A forma máis común de desprazarse pola illa é en bicicleta xa que hai carrís bici. A illa dispón dunha importante reserva natural no que está prohibido a visita durante a época de reprodución de moitas aves que hai alí. Aquí pódese atopar a metade das plantas e flores holandesas e tamén aves migratorias que pasan por aquí dúas veces ao ano para descansar e alimentarse.

4- Parque natural de Lelystad.

É unha zona de conservación de animais como o bisonte, reno, cervos, cabalos, alces, cegoñas, grúas, etc

BISONTE

GRÚA

1- Une cada animal co nome que lle corresponde:

LONDRA

CASTOR

GARZA

FAISÁN

BISONTE

GRÚA

MUFLÓN

2- Clasifica os seguintes animais no parque que lle corresponda:

CORZO	GARZA	MUFLÓN
GRÚA	BISONTE	CEGOÑA
LONDRA	FAISÁN	CASTOR
ALCE	RENO	XABARIL

BIESBOSCH	LELYSTAD	DE HOGE VELUWE